

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE ORGANISMOS DE CONTROL AUTORIZADOS PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN EXTRAORDINARIO DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL E UNHA CAMPAÑA DE INSPECCIÓN DE VIXILANCIA DE MERCADO EN 2025**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica 4/12/2025

**REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en nome e representación da Consellería de Economía e Industria (en adiante, CEI), na súa calidade de conselleira, segundo nomeamento recollido no Decreto 44/2024, do 14 de abril, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da CEI (DOG núm. 101 do 27 de maio).

E doutra parte, \_\_\_\_\_, presidenta da Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados (NIF G-70287602) en adiante, ASGOCA, elixida mediante acordo da Asemblea Xeral do día 22 de xullo de 2025 e coas facultades para a sinatura deste convenio en virtude dos estatutos de dita asociación.

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** O 08 de agosto de 2025, a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Gallega de Organismos De Control Autorizados asinaron un Convenio de Colaboración para a realización dun plan extraordinario de inspección en materia de seguridade industrial e unha campaña de inspección de vixilancia de mercado en 2025.

**SEGUNDO.-** Reunida a comisión de seguimento e control do Convenio, en virtude das facultades que lle foron concedidas pola cláusula décimo cuarta do citado Convenio,

levántase acta, asinada o 02 de decembro de 2025, nas cales acórdase propor a modificación da data de xustificación da actuación do convenio. A causa que motiva a citada modificación, que se recolle na citada acta, sería a imposibilidade material de realizar tódalas inspeccións dos programas e sectores de prioridade recollidas na cláusula segunda, en especial non poder realizar ningunha inspección do programa de vixilancia de mercado.

Considerando todo isto, os aquí comparecentes

## **ACORDAN**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

Subscribir a presente Addenda ao Convenio de Colaboración asinado o 08 de agosto de 2025 entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados (ASGOCA) para a realización das inspeccións correspondentes a o Plan extraordinario de Inspección en materia de seguridade industrial 2025, co fin de modificar o parágrafo segundo da cláusula sétima (procedemento de pagamento, prazo e forma de xustificación) do Convenio, sen que isto implique unha modificación orzamentaria do Convenio.

### **SEGUNDO. - MODIFICACIÓNS**

**Modificación do parágrafo segundo da cláusula sétima (procedemento de pagamento, prazo e forma de xustificación) do Convenio, que queda redactada do seguinte xeito:**

De cara a liquidar esas contías, ASGOCA remitirá de forma mensual á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, as correspondentes facturas ou documentos análogos e o resto de documentación, antes do día 15 do mes seguinte, salvo no mes de decembro, onde as facturas pendentes e o informe final das actuacións serán entregados antes do **12 de decembro de 2025**. Non obstante, ASGOCA poderá realizar a acumulación da remisión de varios períodos mensuais, por causas debidamente xustificadas, previa solicitude e aprobación da citada dirección xeral.

### **TERCEIRO.- EFICACIA DA PRESENTE ADDENDA**

En todo o non modificado pola presente Addenda, seguirá en vigor o disposto no Convenio de colaboración asinado o 08 de agosto de 2025.

**CUARTO.- PUBLICIDADE E REXISTRO DA ADDENDA. CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS.**

O réxime de publicidade da Addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da Addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo, procederase á inscrición da Addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente Addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, tendo lida a presente Addenda ao convenio e, en proba da súa conformidade e no exercicio das atribucións de que son titulares, as partes comparecentes asinan dixitalmente o presente acordo na data que figura na marxe.

Pola Consellería de Economía e Industria

Pola Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados

A CONSELLEIRA

A PRESIDENTA